

# PRESTACIÓN ASISTENCIAL SÁBADOS DE MAÑÁ

Na mesa sectorial do 10 de febreiro, ante a pregunta de CC.OO, o SERGAS confirma a prórroga do “**Programa especial para a Reorganización Asistencial na quenda de mañá dos sábados**” para médicos/as especialistas de Atención Hospitalaria, que supón unha contía de **42€/hora**.

Na Atención Primaria, os/as médicos/as de familia teñen establecida unha contía de **29,13€/hora** pola realización dos sábados de mañá; e só cando chegan a facer un determinado número de sábados ó ano, se lles abona o prezo de 42€/hora.

Desde CC.OO denunciamos unha vez máis esta diferenza retributiva entre ámbitos asistenciais (un 33% menos) e solicitamos a equiparación do prezo do módulo de sábado de mañá para ambos colectivos, todos eles especialistas.

Na nosa reclamación, tamén rexistramos a petición de que se lle aumente ese 33% ao resto de profesionais de Atención Primaria, voluntarios, que prestan asistencia os sábados de mañá, por exemplo, o **persoal de enfermería**.

Para máis información, acode a túa sección sindical de CC.OO

20 de febreiro do 2026